

8

## UN SAN FROILÁN CON MUCHO PICANTE

Lugo se prepara para celebrar los dos siglos y medio de sus tradicionales fiestas de San Froilán. El programa, que este año incluye 18 conciertos, entre ellos los de Carlinhos Brown y Raimundo Amador, comenzará el próximo lunes y se prolongará durante los nueve días siguientes.



ÓSCAR CELA

6

**Pierce Brosnan y la guerra de sexos**  
El ex agente 007 protagoniza junto a Julianne Moore «Hasta que la ley nos separe»

9

**Moncho Borrajo, en estado puro**  
El humorista presenta mañana «Cosas mías» en el Coliseo de A Coruña

14

**Rodman presenta un gran barco de pesca**  
El modelo Rodman 12.50 Fischer Pro tiene unas enormes prestaciones

10-11


**Las tendencias más inconformistas.**  
Dos periodistas de La Voz se fueron de compras a las tiendas de ropa más alternativas de Galicia



XURXO LOBATO

VIERNES 1 OCTUBRE 2004

SUPLEMENTO DE OCIO  
LA VOZ DE GALICIA



Mabel Rivera, que este ano deixa a serie «Pratos combinados», disfruta dun éxito tardío tras a sua participación na última película de Amenabar

# «Os actores galegos só ne

A actriz que emociona na película «Mar adentro» cre que en Galicia se confía pouco no propio e quéixase da falta de estrutura do audiovisual na comunidade

Despois de todo, Mabel Rivera é a primeira actriz profesional galega que se pasea con motivo pola alfombra vermella de Venecia.

—Non sei se será así, pero estar alí foi alucinante porque de repente te dabas conta de que estabas no Lido de Venecia, ou que estabas na praia do Lido, onde se rodou *A morte en Venecia*. Logo, se tomabas un café, tiñas dúas mesas, máis alá a Tarantino ou pasaba por diante un tipo grandón que fuxía da prensa e resultaba ser Tim Robbins. Nese aspecto foi increíble.

—¿Como chegou a participar nesta película de Amenábar? Unha actriz da súa experiencia ¿ten que facer cástings?

—Experiencia, que experiencia. En Galicia son moi coñecida, pero non por un repertorio senón por un só papel. É a realidade e non o digo con algunha intencionalidade. Así que para facer outros traballos fóra da televisión e fóra deste ámbito, teño que partir de cero. Cando chegou a convocatoria deste cásting, a través da Asociación de Actores, eu nunca imaxinei que Amenábar viñese buscar a Galicia papeis desa categoría porque podía ser moito risco. Logo, vendo o proceso da rodaxe dimme conta de que había moita intelixencia na forma de facer o repartido, e non o digo por min, aínda que algunha parte me tocará, porque creo que a escolla dos secundarios nesta cinta dalle moita credibilidade á historia porque son personaxes moi reais, con moita consistencia. Para min, os resultados non puideron ser máis favorables, primeiro porque o director, que era a opinión que me interesaba antes de chegar a do espectador, pensou que o meu traballo era bo. Despois, cando a película chegou aos cines, antes mesmo de que eu mirase os xornais, tiveron moitas mensaxes dos compañeiros de profesión que me dicían que para eles non era ningunha sorpresa o meu traballo. Pero supoño que para a xente, para os espectadores que non me coñecen de nada pode ser unha sorpresa. Neste

sentido, tamén é unha sorpresa o traballo de Bardem, pero del sempre se esperan grandes cousas. Tamén é certo que un dos retos era estar a altura do repartido: procurar que ese monstro que é Bardem non nos comese ao resto e o traballo de Amenábar en moitas ocasións xa se ocupaba diso porque nos daba moita confianza.

—¿Como foi ese traballo?

—Eu antes admiraba o traballo de Amenábar, pero agora o admiro moito máis porque vin o que foi capaz de sacar de nós. El ten a historia na cabeza e sempre sabía o punto xusto de emoción que requería cada escena. Pero ademais é un director que sabe colocar ao actor na situación que ten que abordar. Con el, non é necesario darlle moitas voltas ás cousas, hai que deixarse levar polo que di. Creo que nos levou a todos a un punto de contención, como di el sempre: «Vámonos a facerlo outra vez pero máis pequeniño», que para min é un xeito fundamental de traballar porque creo que aos actores canto máis se nos limite mellor. El pon moita confianza e sabes cando as cousas están ben e sabes que tampouco se deixará de repetir ata que consegue o que quere. Ten o bo costume de que, cando queda especialmente contento dun traballo, vaite chamar a parte para dicilo, para traballar con confianza, que é o único que necesitamos os actores para traballar.

—En *Mar adentro*, as referencias para facer a película non eran de ficción, é unha historia real e boa parte dos protagonistas están vivos. ¿Isto facilita ou dificulta o traballo dos actores?

—Salvo no caso de Javier Bardem, que se trataba de achegarse a unha persoa cos seus xestos, coa súa forma particular de falar, que falaba como a tiróns, coa súa fisonomía; salvo no seu caso, o resto obedecemos a un guiño. Había un referente real, pero traballabamos co guiño. Creo que isto foi desde o principio unha das grandes preocupacións do director e deixouno ver moi claro. Ata niso levaron as cousas de ma-



INVISIBILIDADE. Para esta actriz un dos grandes problemas de encadramento en Galicia é que «acabas por ser invisible». Mabel Rivera considera imprescindible que o audiovisual galego dea soporte ao talento dos actores e das actrices do país e mesmo entende que a parte máis madura e desenvolvida da estrutura audiovisual galega son xustamente as actrices e os actores.

neira moi coidada: non fumos visitar aos Sampedro ata moi pouco tempo antes de iniciar a rodaxe e para que servira como de referencia, para que víramos como era a alma da cousa, pero deixándonos claro que o tempo cambiara moitas cousas. Mesmo Alejandro me dixó: «Ojo Mabel, que esta Manuela no es nuestra Manuela». Porque os personaxes están situados no momento máis crítico da súa relación con Ramón Sampedro. É un momento de gran ruptura dramática. Pero está claro que me enriqueceu coñecer a Manuela, porque é unha muller moi especial. En realidade son todos xente especial, e hai que entender que Ramón tamén o era. Creo que hai algo moi especial na forma en que o coidaron, son xente moi entregada, moi xenerosa, son xente moi sinxe-

la, pero nada simple. Manuela deume moita desa información que alimentan ao personaxe.

—¿Como se compón ese personaxe?

—Eu aparezo bastante cambiada fisicamente, tiña que parecer unha muller de máis idade da que teño, o que implicaba un traballo de caracterización, de maquillaxe e de perruquería. Logo está a actitude do personaxe que non vou dicir que fora unha persoa vencida, pero si dobregada a unha situación. Curiosamente, Sonia Grande, que é a xefa de vestiario da película e que traballa marabillosamente, deixounos unhas roupas que parece que as levamos postas de toda a vida e que dan moita credibilidade. En concreto, a min deume unha combinación desas horribles das que antes levaban as vellas,

que me picaba toda e que levaban un cacho grande de blondas. Ela díxome: «Mira, Mabel, esto no se te va a ver, pero te da un estar». Tamén levaba unhas medallañas, unha de Santiago e outras doutros santos, e non se miran na película, pero o tal xogo que me deron para facer o personaxe converteunas nunha referencia.

—Todo o mundo preguntábase estes días onde estaba este talento de actriz.


—Eu creo que o talento dun actor ou dunha actriz non pode saír por si mesmo. Moito menos no cine, que é unha maquinaria moi potente cunha leis de mercado que non permite que o talento aflore se o resto dos compoñentes están mal. No teatro, aínda que todo este mal, se o actor está ben pois o seu traballo queda a salvo, aínda que non consigas salvar o espectáculo. Pero no cine non pasa isto, estás absolutamente perdido no medio de toda a maquinaria.

—Parece que aos actores e actrices galegas vailles mellor en canto saen fóra do país.

—Hai unha cousa que non debería sorprenderte tanto aos espectadores pero que igual se debe a que levamos a emigración no sangue: para que se recoñeza o traballo dos actores e das actrices galegas hai que saír fóra de aquí, onde como pouco faltan as estruturas que permitan que o talento da xente de aquí se poida recoñecer. Creo que non é casual que calquera de nós que vaia saíndo vaia obtendo un recoñecemento e o seu traballo está sendo valorado. Pasa tamén que nós aquí temos unha tendencia a encadrarnos que é absolutamente cruel. Podo falar da miña experiencia e, desde que empecei a traballar en televisión, botei dez anos repetindo o mesmo personaxe. Non houbo ningún, absolutamente ningún, que me chamase para facer outra cousa. É posible que a estas alturas sexa eu unha das actrices máis vellas, para dicilo así, con menos currículo. Isto tamén conta porque a min me teñen dito algúns directores que dou unha imaxe como de señora vital e eu sempre me pregunto para que están eles. Creo que é unha cuestión de desconfianza, pero non sei se é desconfianza no propio.

—Pero no audiovisual gale-

# «Necesitamos confianza»



**VOLVENDO AO DRAMA.** Mabel Rivera acaba de «desencadrarse» das comedias de situación cun golpe de emoción e talento interpretativo en «Mar adentro» e reclama a capacidade dos actores galegos para enfrontarse a calquera papel. Ademais, apunta que non pode ser interpretado como «casualidade» que cando os actores galegos saen fóra a traballar obteñan éxitos en xéneros e roles ben diferentes

go teñen cambiado algunhas cousas, inon?

—Non sei se se pode falar de despegamento, porque creo que o audiovisual galego aínda ten que pasar por esta fase de apertar o cinto e dispoñerse a despegar. Houbo un camiño que se iniciou, que se foi percorrendo. A min preocupoume no seu momento que esa marcha, esa evolución non tivese absolutamente nada que ver comigo. Eu estiven a piques de tirar a toalla, porque non ten sentido para unha actriz de 52 anos ver como a única perspectiva é facer personaxe único; chega o momento en que debemos medrar por máis que economicamente non haxa queixa. Primeiro porque acabas anquilosado e, segundo, porque se vai creando un ambiente no teu redor no que os propios do teu país van desconfiar cada vez máis de ti porque cando teñen que escoller a unha actriz, nun catálogo de posibilidades, eu sempre sería a última e non digo que desde o punto de vista do director non sexa razoable, pero isto pasa tanto en televisión, en cine, como no teatro. No caso desta película, creo que tamén me influíron

as gañas que tiña de facer algo diferente e, desde logo, a confianza, porque para un actor é un alimento que se nos falta morremos.

—Tal e como fala, hai que deducir que no audiovisual galego fallan moitas cousas pero non os actores e as actrices.

—É todo o demais menos os actores. Para min non é un feito casual que alguén de fóra chame a un actor galego e acerte. Logo chaman a unha actriz para facer outra película e acertan. Creo que hai que reflexionar con seriedade sobre isto e non pensar que son casualidades. Hai veces que me preguntan que nos pasa aos galegos, que nos imos dando a coñecer en canto comezamos a traballar fóra. Posto que traballar levamos traballando moito tempo, teremos que entender que é saír o que nos favorece.

—¿Fala desde a súa experiencia?

—Falo do que sinto como actriz. Creo que hai unha certa frustración de non ser capaces de crear unha industria, nin sequera pequena, que sirva para formar tecido que lle dea

cobertura aos actores. Nos últimos anos, cada vez que vou ao teatro, vexo que hai actores e actrices e vexo como van medrando, madurando, pero logo daste conta de que non hai estrutura. Pode pasar que, como non teñas a «sorte» de traballar na televisión, non teñas saídas. Pasa en máis lugares, porque se quixira a xente que traballa en Madrid de que hai pouco traballo, pero alí hai bastante

máis movemento, fanse moitas máis curtametraxes. Pero mira que ata para as curtas funciona o encadramento porque nos últimos dez anos só me chamaron para dúas curtas, polo que lles estou agradecidísima.

—Entón, ¿que falta?

—O que non hai é unha estrutura que nos permita acollernos, desenvolvernos como actores e como actrices, de variar o traballo. Nos últimos dez anos

só fixen *Pratos combinados*, pero ademais con esa absoluta deshonestidade de bombardear a audiencia coa reposición indiscriminada dos capítulos que ata me parece lóxico que ninguén me chame para outra cousa porque en moitos sentidos a imaxe do actor queda esquilmada.

—¿Agora o seu teléfono saou moito máis que antes?

—Non para. É alucinante. Pero xente de todo tipo. Home, é a primeira vez que falo para La Voz de Galicia. Hai algunhas chamadas que son emocionantes. Xente que chama cando acaba de saír do cine e me deixa a mensaxe aínda chorando, emocionados. Son chamadas que eu agradezo moito. Hai outras chamadas, naturalmente, que son interesadas e que teñen que ver con que as cousas agora están así e me parece fantástico e non hai que deixar de atendelas. Tamén os medios se estanse entregando cos actores da película e co meu traballo. Pero tamén hai que dicir que antes de regresar de Venecia xa me chamaran catro representantes, pero agora non teño ningunha présa.

## QUEN É

**MABEL RIVERA**  
Ferrol, 1952

Leva máis de media vida polos escenarios de Galicia e, como case todo o que é bo no teatro do país, está chea de vontade por dar cada vez un paso máis adiante. Comezou traballar alí cando o teatro pasaba de ser independente porque non quedaba máis remedio, a ser profesional porque tampouco había outra forma de arranxalo. Traballou para o CDG, pero non moito, e foi poñendo en marcha experiencias para non alonxarse dos escenarios. Deu en «Pratos combinados» e o personaxe de Balbina leva dez anos con ela, para ben e para mal. A próxima temporada, non obstante, a cara de Mabel Rivera non estará no Bar Suízo. Tras unha década de personaxe, pediu unha retirada progresiva da serie, pero a produtora decidiu que desaparecera definitivamente para os capítulos que se están gravando nestes meses e que se emitirán proximamente.